

Pablo Montero Carrera, secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o 14 de maio do 2020, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.d. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de vixilancia da saúde cun servizo de prevención alleo para a Deputación de Pontevedra (Exp. 2019052904).

O secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 24 de xaneiro de 2020, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do *Servizo de vixilancia da saúde cun servizo de prevención alleo para a Deputación de Pontevedra*, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 2 de febreiro de 2020. Na mesma data, publícanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión celebrada o día 5 de marzo de 2020, procede á apertura electrónica da documentación do sobre "A", documentación administrativa, presentada polas empresas que participan neste procedemento aberto. Na referida sesión, o secretario da Mesa de Contratación informa que a presentación de ofertas se realiza mediante a plataforma de licitación electrónica Vortal, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

Unha vez examinada pola Mesa de Contratación a documentación xeral presentada nos sobres A polas persoas licitadoras a este procedemento, as empresas admitidas foron Cualtis, S.L.U. (CIF: B-84.527.977), e Quirón Prevención, S.L.U. (CIF: B-64.076.482), e non admitidas, ningunha.



A continuación, a Mesa de Contratación procede á apertura electrónica dos sobres B, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentados polas devanditas empresas.

Os criterios de valoración automática ofertados polas empresas son os seguintes:

	Quirón Prevención, S.L.U. (CIF: B- 64076482)	Cualtis, S.L.U. (CIF: B-84527977)
PROPOSICIÓN ECONÓMICAS SOBRE B		
1. Prezo mensual ofertado en asesoramento en medicina do traballo:	Importe sen o IVE: 275,00 €	Importe sen o IVE: 100,00 €
	IVE (21%): 57,75 €	IVE (21%): 21,00 €
	Importe total ofertado: 332,75 €	Importe total ofertado: 121,00 €
2. Prezo ofertado por cada recoñecemento médico (exento IVE):	40,50 €	48,50 €
3. Prazo ofertado para a realización dos recoñecementos médicos desde a petición por parte da Deputación:	5 días hábiles	5 días hábiles
4. Prazo ofertado de envío dos resultados dos recoñecementos médicos á Deputación e á traballadora ou traballador:	3 días hábiles.	2 días hábiles.
5. Unidades básicas de saúde, dotadas cos requisitos básicos, ofertadas nas seguintes localidades da provincia: O Porriño, Lalín, A Estrada e Cambados.	Unidades ofertadas en O Porriño, Lalín, A Estrada e Cambados.	Unidades ofertadas en O Porriño e Lalín.
6. Realización de mamografías cando na revisión xinecolóxica se sospeite dalgún fibroma:	SI	SI
7. Realización de tres edicións da acción formativa "Curso para o lombo", de polo menos 4 horas de duración:	SI	SI



Procédese de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados no sobre B de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas. As puntuacións acadadas pola empresa licitadora son as seguintes:

SOBRE B	Quirón Prevención, S.L.U. (CIF: B- 64076482)		Cualtis, S.L.U. (CIF: B-84527977)	
	Puntuación	Presunción temeraria (SI/NON)	Puntuación	Presunción temeraria (SI/NON)
1. Menor prezo mensual sen IVE ofertado en asesoramento en medicina do traballo, ata un máximo de 25 puntos.	9,663	NON	25	SI*
2. Menor prezo ofertado por cada recoñecemento médico, ata un máximo de 40 puntos.	40	NON	9,96	NON
3. Maior redución do prazo para a realización dos recoñecementos médicos desde a petición por parte da Deputación, ata un máximo de 10 puntos.	0	NON	0	NON
4. Maior redución do prazo de envío dos resultados dos recoñecementos médicos á Deputación e á traballadora ou traballador, ata un máximo de 5 puntos.	0	NON	2	NON
5. Disposición de unidade básica de saúde dotada dos requisitos básicos esixidos nas seguintes localidades da provincia: O Porriño, Lalín, A	8	NON	4	NON



Estrada e Cambados , ata un máximo de 8 puntos.				
6. Realización de mamografías cando na revisión xinecolóxica se sospeite dalgún fibroma, adenoma ou neo , 4 puntos.	4	NON	4	NON
7. Realización de tres edicións da acción formativa "Curso para o lombo" , de polo menos 4 horas de duración, 8 puntos.	8	NON	8	NON
TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 100 puntos)	69,663		52,96	

Unha vez examinadas as ofertas presentadas polas empresas, observouse que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a realizada por Cualtis, S.L.U. (CIF: B-84527977), presentaba un valor anormal ou desproporcionado, polo que se lles requiriu xustificación.

Achegada a documentación requirida, mediante escrito presentado pola empresa con entrada no Rexistro web2020011968, de 13 de marzo de 2020, o servizo de Contratación, na mesma data, solicita informe ao servizo de Prevención de Riscos Laborais sobre a xustificación achegada pola empresa.

A disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19 suspendeu os termos e interrompeu os prazos dos procedementos de contratación promovidos polas entidades pertencentes ao Sector Público. O levantamento de dita suspensión produciuse mediante a disposición adicional oitava do Real Decreto-lei 17/2020, de 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019, con efectos desde o 7 de maio de 2020, para aqueles procedementos que se tramiten por medios electrónicos.

O servizo de Prevención de Riscos Laborais, mediante informe de data 5 de maio de 2020, considera xustificada as oferta presentada por Cualtis, S.L.U..

A continuación, unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados, e considerada xustificada a oferta presentada por Cualtis, S.L.U., a Mesa de



Contratación, de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas, acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas ao procedemento aberto convocado para a contratación do *Servizo de vixilancia da saúde cun servizo de prevención alleo para a Deputación de Pontevedra*, que queda da seguinte forma:

Clasificación	Empresa	Puntuación total
1ª	Quirón Prevención, S.L.U. (CIF: B-64076482)	69,66
2ª	Cualtis, S.L.U. (CIF: B-84527977)	52,96

2. Propoñer ao órgano de contratación que, unha vez resulte efectuado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e sempre que este sexa cumprimentado correctamente, proceda á adxudicación do contrato *Servizo de vixilancia da saúde cun servizo de prevención alleo para a Deputación de Pontevedra* a favor da empresa Quirón Prevención, S.L.U. (CIF: B-64076482) polos prezos e valores ofertados.

E para que conste, estende a presente, en Pontevedra, a catorce de maio de dous mil vinte.

